UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Organización de Empresas | | Código | 650G01016 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | EconomíaEmpresa | | | |
| Coordinación | Gago Cortés, María Carmen | Correo electrónico | m.gago@udc.es | |
| Profesorado | Gago Cortés, María Carmen<br>Nieto Uria Ribeiro De Almeida, Arturo J. | Correo electrónico | m.gago@udc.es<br>a.nietouria@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.es/moodle/ | | | |
| Descrición xeral | A materia "Organización de Empresas" analiza os aspectos fundamentais do deseño organizativo a partir da estratexia da empresa, para determinar a súa estrutura e as relacións internas. Os resultados de aprendizaxe detállanse no apartado correspondente desta guía. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
| --- | --- |
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
| --- | --- | --- | --- |
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público especializado como non especializado. | | B2<br>B4<br>B6<br>B14 | C1<br>C4 |
| Elaborar informes profesionais. | A2 | B5<br>B6<br>B9 | C1<br>C5 |
| Reflexionar de forma crítica sobre o desenvolvemento profesional e establecer necesidades propias de formación. | A1 | B5<br>B6<br>B9 | C5<br>C7 |
| Buscar e sintetizar información relevante sobre o contorno da empresa. | A6<br>A16<br>A17<br>A24 | B3<br>B6<br>B7<br>B8<br>B12<br>B13 | C2<br>C3<br>C6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolver estratexias competitivas e corporativas co fin de alcanzar os obxectivos da organización. | A5<br>A9<br>A11<br>A12<br>A13<br>A14<br>A15<br>A16<br>A17<br>A19<br>A24 | B1<br>B6<br>B8<br>B10<br>B11<br>B12 | C4<br>C6<br>C8 |
| Describir os principios e os modelos básicos do deseño organizativo. | A3<br>A16<br>A18 | B6 | |
| Describir os principais mecanismos de incentivos nas diferentes configuracións estruturais e valorar o seu funcionamento. | A13<br>A16<br>A22 | B6 | |
| Analizar e experimentar os procesos de toma de decisións individuais e en grupo. | A9 | B11<br>B14 | C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Os temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na ficha da Memoria de Verificación, que son: | - Supostos de comportamento para a análise das organizacións.<br>- Especialización e intercambio: custos de transacción e relación de axencia.<br>- Fundamentos da estrutura organizativa da empresa.<br>- Configuracións estruturais básicas.<br>- Mecanismos de incentivos nas diferentes configuracións estruturais. |
| Tema 1. A análise estratéxica das organizacións. | - Os obxectivos estratéxicos: supostos de conduta e problemas de axencia.<br>- A análise estratéxica interna e do entorno. |
| Tema 2. A vantaxe competitiva. | - A vantaxe competitiva nos mercados comerciais e nos mercados de produción: o papel dos custos de trasacción.<br>- Dimensións básicas das vantaxes competitivas. |
| Tema 3. As estratexias corporativas. | - O ciclo de vida dunha organización.<br>- As estratexias de crecemento, estabilidade e supervivencia. |
| Tema 4. Fundamentos da estrutura das organizacións. | - División do traballo e especialización.<br>- Mecanismos de coordinación.<br>- Deseño do sistema decisor: centralización e descentralización. |
| Tema 5. Configuracións estruturais básicas. | - Características xerais das configuracións estruturais.<br>- Vantaxes e problemas das configuracións estruturais: os mecanismos de incentivos. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A3 A11 A13 A15 A18 A22 B8 B13 C8 | 17 | 0 | 17 |
| Estudo de casos | A2 A3 A9 A12 A13 A14 A16 A22 C4 C5 C6 | 4.5 | 9 | 13.5 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Traballos tutelados | A2 A5 A6 A9 A11 A16 A17 A18 A19 A24 B2 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C6 C8 | 12 | 24 | 36 |
| Seminario | A5 A9 A16 B3 B11 B12 B14 | 4 | 0 | 4 |
| Lecturas | A1 A16 A17 B3 B5 C7 | 1 | 6 | 7 |
| Proba mixta | B1 B2 B4 C1 C6 | 0 | 62.5 | 62.5 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Presentación e discusión dos conceptos teóricos relevantes. |
| Estudo de casos | Estudo de casos de empresa sobre as temáticas analizadas en clase. |
| Traballos tutelados | Traballos en grupo nos que se aplicarán os conceptos vistos nas sesións maxistrais. |
| Seminario | Por cada grupo de estudantes formaranse dous subgrupos. Con estes subgrupos fixaranse titorías de 4 horas repartidas durante os cursos para profundar nas competencias relacionadas co traballo en grupo e as presentacións orais. |
| Lecturas | Estudo videos e lecturas durante o curso |
| Proba mixta | Exame final. O exame final componse de preguntas "abertas". |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | Retroalimentación personalizada con cada grupo para o seguimento os avances que se van realizando e para proporcionar as orientacións necesarias que aseguren a aprendizaxe do alumnado, así como a calidade do traballo dacordo cos criterios que se indicarán na clase e que se colgarán na plataforma moodle.<br><br>Para o alumnado con dedicación a tempo parcial non asistente, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías e entrega das actividades. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Lecturas | A1 A16 A17 B3 B5 C7 | Estudo vídeos e lecturas durante o curso. | 5 |
| Proba mixta | B1 B2 B4 C1 C6 | Exame final da materia. | 50 |
| Estudo de casos | A2 A3 A9 A12 A13 A14 A16 A22 C4 C5 C6 | Preparación dos casos de estudo, e participación e discusión en clase. | 15 |
| Traballos tutelados | A2 A5 A6 A9 A11 A16 A17 A18 A19 A24 B2 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C6 C8 | Traballo en grupo sobre os conceptos teóricos da materia. | 30 |

| Observacións avaliación |
|---|

O sistema de avaliación continua -estudo de casos; traballos tutelados; presentacións orais- e o exame final valoran resultados de aprendizaxe e competencias distintas. Por tanto, para aprobar a materia é necesario aprobar as dúas partes (avaliación continua e exame final). É dicir, para aprobar a materia é necesario acumular un mínimo de 2.5 puntos sobre 5 na avaliación continua e de 2.5 puntos sobre 5 no exame final. Non se terá en conta nin se gardará a nota do exame final para futuras oportunidades en caso de non superar a avaliación continua. Os criterios de avaliación son os mesmos en todas as oportunidades de cada convocatoria.

En caso de non superar a parte de avaliación continua durante o curso, será posible recuperar algúns puntos mediante traballos tutelados antes da segunda oportunidade (exame de xullo). As actividades que se poderán recuperar son as que non necesitan nin presencialidade nin seguimento continuado, é dicir, os estudos de casos sen discusión en clase (1 punto) e o traballo tutelado (3 puntos).
Os estudantes que queiran presentarse á convocatoria adiantada poden utilizar este mesmo sistema de recuperación dos puntos de avaliación continua. Os estudantes a tempo parcial e con despensa académica de asistencia poderán acollerse a esta modalidade de recuperación da avaliación continua tamén para a primeira oportunidade de exame.
A efectos de cualificación, a cualificación de non presentado corresponde ao alumnado cando só
participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación
inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da
cualificación acadada.

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Grant, Robert M. (2004). Dirección estratégica. Madrid: Thomson Civitas<br>- Navas López, J. E.; Guerras Martín, L. A. (2016). Fundamentos de dirección estratégica de la empresa. Navarra: Thomson Reuters Civitas<br>- Mintzberg, H. (2012). La estructuración de las organizaciones. Barcelona: Ariel<br><br /> |
| **Bibliografía complementaria** | - Gibbons, R. (2005). Four Formal(izable) Theories of the Firm? . Journal of Economic Behavior and Organization 58: 202-247.<br>- Coase, R. (1937). The Nature of the Firm.. Economica, 4: 386-405<br>- Lazear, E. (2000). Performance Pay and Productivity.. American Economic Review 90: 1346-61.<br>- Gibbons, R. (2010). Organizational Economics and Corporate Strategy, Lectures 1 & 2. . MBA Course 15.903 at the MIT Sloan School of Management. Available at: http://web.mit.edu/rg<br>- Gibbons, R. (2003). Team Theory, Garbage Cans, and Real Organizations: Some History and Prospects of Economic Research on Decision-Making in Organizations. . Industrial and Corporate Change 12: 753-87.<br>- Williamson, O. (1979). Transaction Cost Economics: The Governance of Contractual Relations.. Journal of Law and Economics 22: 233-61.<br>- Brickley, J., Smith, C., Zimmerman, J. (2005). Economía Empresarial y Arquitectura de las Organizaciones. . Madrid: McGraw-Hill/Interamericana de España<br>- Chermack, T.J. (2011). Scenario Planning in Organizations. San Francisco, CA: Berrett-Koehler Publishers<br>- Kates, A., Galbraith, J.R. (2007). Designing your organization. San Francisco, CA: Wiley<br>- Douma, S.; Schreuder, H. (2009). Enfoques económicos para el análisis de las organizaciones. Madrid: Pearson<br>- Cuervo García, A. (2008). Introducción a la administración de empresas. Madrid : Thomson Civitas<br>- Claver Cortés, E. et al. (1998 (imp. 2007)). Manual de administración de empresas. Madrid : Civitas<br><br /> |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Principios de Microeconomía/650G01002<br>Economía da Empresa: Función Organizativa/650G01003 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| Economía e Xestión da Empresa Familiar/650G01040 |

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Observacións |
|---|
| |

| |
|---|
| (*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías |